

Dámaso Alonso
(1898-1990)

RAMÓN LORENZO

No presente ano de 1990 morreu en Madrid Dámaso Alonso, unha das figuras máis relevantes da Península no campo da Lingüística, no da investigación sobre a Literatura e no da creación literaria.

Dámaso Alonso naceu en Madrid, o 22 de outubro de 1898, dunha familia con ascendentes galegos, pois o pai procedía de Ribadeo e a nai (nacida en Madrid) era dunha familia da mesma comarca, se ben da outra orela do Eo, da zona asturiana de fala galega, lingua que el coñecía e falaba. En Madrid fixo o bacharelato (1908-1914) e comezou despois a estudar matemáticas para poder ingresar na Escola de Enxeñeiros de Camiños, pero, debido a problemas na vista, abandonou esta idea e estudou a carreira de Dereito (1917-1918), que non lle gustaba, decidíndose máis tarde por facer Filosofía e Letras, atraído polo mundo da poesía, carreira na que se licenciou en 1921.

Unha vez feita a carreira, marchou a Alemania para ocupa-la praza de lector na Universidade de Berlín (1921-1923). Despois cambiou de país e exerceu este mesmo cargo na Universidade de Cambridge (1923-1925). Volto á Península, comezou xa a dar mostras da súa carreira investigadora, publicando en 1927 a súa edición das *Soledades* de Góngora e presentando en 1928 a tese de doutoramento sobre *Evolución de la sintaxis de Góngora* (que logo se convertería no libro *La lengua poética de Góngora*, aparecido en 1935). Rematada a tese, volveu como lector a Cambridge (1928-1929). Casa coa escritora Eulalia Galvarriato (en marzo de 1929) e os dous viaxan a Estados Unidos, ensinando no semestre de verán do 1929 na Universidade de Stanford. De seguido, en 1929-1930 é profesor visitante no Hunter College de Nova York e lector no Institute of International Education. Volve a Madrid en 1930 e en 1931-1933 trasládase outra vez a Inglaterra, esta esta vez como lector na Universidade de Oxford.

No ano 1933 obtén a praza de catedrático de Lingua e Literatura Españolas na Universidade de Valencia, aínda que o curso 1933-1934 estivo na Universidade de Barcelona. No curso 1934-1935 ensinou en Valencia, pero xa de 1935 a 1936 estivo de profesor convidado na Universidade de Leipzig, onde ensinaba W. von Wartburg. Por fin, despois da xubilación do seu mestre R. Menéndez Pidal en

1939, pasou a ocupa-la cátedra de Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, onde ensinou ata a súa xubilación en 1968.

Desde que obtivo a cátedra, Dámaso Alonso non parou de escribir, viaxando moitas veces ó estranxeiro para dar conferencias ou cursos. Así, en 1948 deu conferencias na Arxentina, Chile, Perú e México e foi profesor visitante en Yale, Universidade á que volveu en 1951; en 1953 ensinou na Universidade de Johns Hopkins e en 1954 na de Harvard; en 1969-1970 foi profesor visitante na Universidade de Massachusetts, en 1965 viaxou a Costa Rica e en 1973 estivo na Universidade de Oklahoma.

Debido á grande estima de que gozou como investigador e poeta, recibiu en numerosas ocasións o título de Dr. Honoris Causa: Universidades de Lima (1948), Burdeos (1950), Hamburgo (1952), Friburgo (1957), Roma (1961), Oxford (1963), Universidade Nacional de Costa Rica (1965), Massachusetts (1969) e Leeds (1969). Tamén foi nomeado membro de numerosas institucións, como, por exemplo, membro correspondente de *The Hispanic Society of America* (1935) e logo membro numerario (1945), membro honorario da *Modern Language Association of America* (1949), socio estranxeiro da *Arcadia. Accademia Letteraria de Roma* (1961), da *Accademia dei Lincei de Roma* (1962) e da *Accademia della Crusca* de Florencia (1969), membro de *The American Philosophical Society* (1962), membro correspondente da *Bayerische Akademie der Wissenschaften* de Munich (1952) e da *British Academy* (1966). En 1945 foi elixido membro da *Real Academia Española* (leu o discurso en 1948), sendo durante moitos anos presidente da mesma (nomeado en 1968 ó morrer R. Menéndez Pidal, renunciou ó cargo en 1982). Tamén foi membro da *Real Academia da Historia* (leu o discurso de ingreso en 1959). Como máxima distinción das Letras Hispanoamericanas, recibiu o *Premio Cervantes* en 1978.

Amais do dito, entre as súas actividades e cargos cómpre destaca-la dirección da *Revista de Filología Española* (desde 1949), a dirección da *Biblioteca Románica Hispánica* de Editorial Gredos (desde 1950) e a presidencia da *Asociación Internacional de Hispanistas* (1962-1965).

Tamén debemos suliña-las numerosas homenaxes que recibiu, sobre todo nos últimos anos. Podemos destaca-las seguintes: *Ínsula* (núms. 138-139, maio-xuño 1958), *Papeles de Son Armadans* (XXXII-XXXIII, nov.-dec. 1958, número extraordinario dedicado a V. Aleixandre e D. Alonso), *Studia philologica. Homenaje ofrecido a Dámaso Alonso por sus amigos y discípulos con ocasión de su 60º aniversario* (3 vols., Madrid, Grèdos, 1960-1963), *Homenaje Universitario a Dámaso Alonso. Reunido por los estudiantes de Filología Románica* (Madrid, Gredos, 1970), *Cuadernos Hispanoamericanos* (núms. 280-282, nov.-dec. 1973), *Homage to Dámaso Alonso (Books Abroad. An International Literary Quarterly)*, University of Oklahoma, vol. 48, n. 2, Spring 1974), *Homenaje a Dámaso Alonso* (Club Urbis, Madrid, 1978). Tamén como homenaxe ó tantos anos director da *Biblioteca Ro-*

mánica Hispánica, a Editorial Gredos publicou as súas *Obras Completas*, das que apareceron ata o momento 9 tomos (desde 1972 a 1989).

Dámaso Alonso foi unha figura excepcional como mestre e como investigador e estivo vinculado á lingüística galega. Pola súa cátedra na Universidade de Madrid pasaron moreas de discípulos desexosos de recolle-las súas ensinanzas. As súas clases foron sempre dun grande interese pola cantidade de problemas nelas tratados e pola tendencia sistemática a fuxir das conclusións fáciles. Para el a materia tratada non se podía pechar en esquemas simplistas, o importante era a problemática, que os estudantes puidesen discorrer sobre o intrincado mundo dos problemas lingüísticos. Como profesor dominaba moitos temas de Lingüística Románica e de Literatura e posuía unha grande facilidade para a exposición de calquera materia, sabendo tratar con enorme amenidade e habilidade os capítulos máis áridos.

A personalidade de Dámaso Alonso encóntrase en campos moi diferentes. Nunca se limitou a un único terreo e, xunto a creacións poéticas ou narrativas, atopamos ensaios sobre temas literarios moi dispares, ou sobre temas históricos e lingüísticos de índole diversa. A súa ampla visión dos feitos e a súa inquietude levárono sempre ós temas máis variados. Non foi un investigador que pasase toda a vida estudando unhas cuestións determinadas. A el gustáballe sempre a variación. Por iso nos seus estudos de literatura española atopamos traballos sobre tódalas épocas e, xunto a eles, incursións nas literaturas estranxeiras. Pero na variación non encontraremos nunca lixeireza, xa que tratou sempre os asuntos estudados con profundidade e competencia. E a todo isto debemos engadi-la súa sensibilidade exquisita de poeta, que aparecerá constantemente nos seus traballos, mesmo nos estudos lingüísticos.

Dámaso Alonso foi un extraordinario poeta, un dos grandes representantes daquela xeración que se vén chamando do 27, aínda que el non se sentiu nunca incluído nela, porque os representantes desta xeración (Alberti, García Lorca, Guillén, etc.), dominan xa nos anos anteriores á guerra e el farao despois. É certo que xa publicara en 1921 *Poemas puros, poemillas de la ciudad* (Madrid, Ed. Galatea), un libro xuvenil, pero imporase definitivamente como poeta anos máis tarde, co seu libro *Hijos de la ira*, que aparece en 1944 (Madrid, Rev. de Occidente). Este libro foi o grande renovador da poesía castelá da posguerra, o punto de partida da poesía existencialista, un libro que salvou a poesía en lingua castelá da postración na que se achaba nos anos corenta. *Hijos de la ira* é un libro cheo de forza e paixón, que reflexa en moitos aspectos o carácter que tiña Dámaso Alonso, de vez en cando sempre predisposto á explosión. Todo aquel que teña estudiado co sabio español non poderá nunca esquecer aqueles momentos de "ira" que en determinados momentos necesitaba e que, no fondo, divertían ós estudantes, aínda que no externo quedasen silenciosos e con caras de susto.

Sen dúbida, *Hijos de la ira* é o libro máis representativo da súa poesía, pero debemos facer referencia a outros. O mesmo ano 1944 publicou *Oscura noticia*

(Madrid, Col. Adonais), que recolle poemas escritos desde 1919. Despois, desde o 1944, foinos deixando a súa vea poética en ocasións máis limitadas. Así, en 1955 publicou *Hombre y Dios* (Málaga, Col. El arroyo de los ángeles) e espallados por revistas apareceron diversos poemas. En 1969 publicou Gredos os seus *Poemas escogidos*, onde achamos moitos poemas inéditos. Nos últimos anos da súa vida abandonara totalmente a investigación e só se dedicaba á poesía e á preparación das súas *Obras Completas*. En 1981 apareceu *Gozos de la vista*, xuntamente con poemas anteriores (*Gozos de la vista - Poemas puros. Poemillas de la ciudad - Otros poemas*, Madrid, Espasa-Calpe, Col. Austral, 1981) e en 1985 *Duda y amor sobre el Ser Supremo* (en *Antología de nuestro monstruoso mundo - Duda y amor sobre el Ser Supremo*. Edición del autor; coordinación de Margarita Smerdou Altolaguirre, Madrid, Cátedra, 1985).

Hijos de la ira foi un libro con numerosas edicións e traducións ó alemán, inglés e italiano. Del fixeron edicións críticas, con introducción e notas, Miguel J. Flys (Madrid, Castalia, 1986) e Elías R. Rivers (Barcelona, Labor, 1970). Sobre a súa propia obra, o autor escribiu unha autobiografía poética (*Vida y obra - Poemas puros. Poemillas de la ciudad - Hombre y Dios*, Madrid, Caballo Griego para la Poesía, 1984). Tamén se deben lembrar outras antoloxías: *Antología: creación*. Selección, prólogo y notas de Vicente Gaos (Madrid, Escelicer, 1956); *Antología poética*. Selección y prólogo de José Luis Cano (Barcelona, Plaza & Janés, 1973); *Antología poética*. Selección y prólogo de Philip W. Silver (Madrid, Alianza Ed., 1979). Entre os traballos publicados sobre a súa obra, amais dos contidos en diferentes historias da literatura ou da poesía, lembremos: Elsie Alvarado de Ricord, *La obra poética de Dámaso Alonso* (Madrid, Gredos, 1968), Miguel J. Flys, *Tres poemas de Dámaso Alonso. Comentario estilístico* (Madrid, Gredos, 1974), íd. *La poesía existencial de Dámaso Alonso* (Madrid, Gredos, 1969), Andrew P. Debicki, *Dámaso Alonso* (Madrid, Cátedra, 1971), Rafael Ferreres, *Aproximación a la poesía de Dámaso Alonso* (Valencia, Bello, 1976), Ángel Zorita, *Dámaso Alonso* (Madrid, Epesa, 1976).

Se como poeta é unha das voces máis importantes da poesía contemporánea, como investigador da literatura tamén estivo sempre en primeira liña, posto que escribiu numerosísimos estudos e ensaios que, se ben se concentran nalgunhas épocas determinadas, abarcan desde os comezos da literatura medieval ata as últimas tendencias. Dámaso Alonso estaba capacitado para facer unha magnífica Historia da Literatura, pero non se sentiu con ganas de estar uns cantos anos dedicado exclusivamente a esta tarefa. Ó longo dos moitos anos de investigación, interesáronlle temas de tódalas épocas e, á parte dos libros sobre diferentes escritores, foi autor dunha boa chea de artigos e notas en revistas e misceláneas, recollidos despois en publicacións, como *De los siglos oscuros al de Oro (Notas y artículos a través de 700 años de letras españolas)* (Madrid, Gredos, 1958; 2ª ed. 1964) e *Del siglo de Oro a este siglo de siglas (Notas y artículos a través de 350 años*

de letras españolas) (Madrid, Gredos, 1962). A todo isto debemos engadi-las súas diferentes edicións críticas de autores ou obras do Século de Ouro.

Sobre a época medieval lembrémo-los seus traballos sobre novela, épica e lírica, entre eles os dedicados ó *Poema do Cid* e á épica castelá, a Berceo, Arcipreste de Hita, Arcipreste de Talavera, o profundo ensaio sobre "La primitiva épica francesa a la luz de una Nota Emilianense" (1954), así como o artigo sobre as "Cancioncillas "de amigo" mozárabes (Primavera temprana de la lírica europea)" (de 1949). Tres destes estudos aparecen recollidos no seu libro *Primavera temprana de la literatura europea. Lírica, Épica, Novela* (Madrid, Guadarrama, 1961).

Sobre os clásicos deixounos obras fundamentais e numerosísimos artigos. Así, témo-los traballos dedicados a San Xoán da Cruz (*La poesía de San Juan de la Cruz*, Madrid, 1942; 4ª ed., Aguilar, 1966; *Poesías completas y comentarios en prosa a los poemas mayores*. Ed. de las poesías por D. A. Ed. de los comentarios por Eulalia Galvarriato de Alonso, 3ª ed., Madrid, Aguilar, 1968), a Frei Luis de León, a Garcilaso, a Erasmo no séc. XVI español. Para o seu ingreso na Academia da Historia escribiu o importante estudio *El Fabio de la "Epístola Moral": su cara y cruz en Méjico y España* (Madrid, 1959), despois en *Dos españoles del Siglo de Oro. Un poeta madrileñista, latinista y francesista en la mitad del siglo XVI. El Fabio de la "Epístola Moral": su cara y cruz en Méjico y España* (Madrid, Gredos, 1960). A este libro únese *La "Epístola moral a Fabio", de Andrés Fernández de Andrada. Edición y Estudio* (Madrid, Gredos, 1978). Un dos libros do que estaba máis satisfeito era o dedicado a Francisco de Medrano (*Vida y obra*. Ed. crítica de sus obras por D. A. y Stephen Reckert, 2 vols, Madrid, CSIC, 1948 e 1958), do que volveu a publicar máis tarde a *Poesía* (Ed. de D. A., coordinada por Mª Luisa Cerrón, Madrid, Cátedra, 1988). Tamén atoparemos traballos sobre Lope, como *En torno a Lope (Marino, Cervantes, Benavente, Góngora, los Cardenios)* (Madrid, Gredos, 1972), Quevedo ou Cervantes, como en *La novela cervantina* (Santander, Univ. Int. M. Pelayo, 1969) ou a edición de *El Hospital de los podridos y otros entremeses*. Ed., prólogo y notas de D. A. (Madrid, Mayo de Oro, 1987). Con Rafael Ferreres fixo a edición do *Cancionero Antequerano recogido por los años de 1627 y 1628 por Ignacio de Toledo y Godoy* (Madrid, CSIC, 1950). Pola grande importancia das notas que acompañan ó texto, é modélica a edición de Gil Vicente, *Tragicomedia de D. Duardos* (Madrid, CSIC, 1942).

Desde a celebración do III Centenario da morte de Góngora en 1927, Dámaso Alonso converteuse no grande especialista deste poeta, que non tiña segredos para el e ó que lle dedicou toda unha serie de obras e artigos, como: *La lengua poética de Góngora* (1935; 3ª ed., Madrid, CSIC, 1961), *Estudios y ensayos gongorinos* (Madrid, Gredos, 1955; 3ª ed. 1970), *Góngora y el Polifemo* (texto, estudio, versión en prosa, comentarios) (1960, 6ª ed. 1974), *Para la biografía de Góngora. Documentos desconocidos* (Madrid, Gredos, 1962; en colaboración con Eulalia Galvarriato), *Soledades*. Editadas por D. A. (Madrid, Alianza Ed., 1982; editou-

nas por 1ª vez en 1927), L. de Góngora, *Obras en verso del Homero español que recogió Juan López de Vicuña*. Prólogo e índices por D. A. (Madrid, CSIC, 1963), *Romance de Angélica y Medoro*. Estudio-comentario, versión prosificada y notas por D. A. (Madrid, Ediciones Acies, 1962). Non esquezámo-los catro estudos contidos en *Cuatro Poetas españoles (Garcilaso, Góngora, Maragall, Antonio Machado)* (Madrid, Gredos, 1962), onde achamos un estudio moi emotivo, poético e dunha extrema finura ("Góngora entre dos centenarios").

Nos últimos anos, como xa dixeran, Dámaso Alonso concentrou a súa actividade na publicación das *Obras Completas*, labor que non chegou a rematar, e nelas foi publicando todos estes traballos citados e outros moitos. No tomo II (1973), que é a primeira parte dos *Estudios y ensayos sobre Literatura*, recolle os traballos que tratan "desde los orígenes románicos hasta finales del siglo XVI" e no tomo III (1974), segunda parte, os que van de "finales del siglo XVI, y siglo XVII". Os tomos V (1978), VI (1982) e VII (1984) levan o título de *Góngora y el gongorismo* e neles recolle todo o escribiu sobre o poeta clásico. A todos estes tomos súmase o núm. VIII (1985), que se titula *Comentarios de textos*. Nel atopamos a *Epístola Moral*, a *Tragicomedia de D. Duardos* e outros traballos sobre *Tirant lo Blanch*, *A Celestina*, *O Lazarillo*, a novela cervantina, Antonio Machado, Góngora entre dous centenarios, etc.

Pero nos libros de Dámaso Alonso atoparemos tamén ensaios sobre lírica contemporánea, como o substancioso volume *Poetas españoles contemporáneos* (Madrid, Gredos, 1952; 3ª ed. 1969) e aínda os *Ensayos sobre poesía española* (Madrid, Rev. de Occidente, 1944; Buenos Aires, 1946). Nestes ensaios Dámaso Alonso demostra que coñece moi ben a lírica do noso tempo, con traballos de grande intensidade lírica. Estes e outros traballos, como o dedicado a Menéndez Pelayo (*Menéndez Pelayo, crítico literario (Las palinodias de don Marcelino)*, Madrid, Gredos, 1956), están recollidos no tomo IV das *Obras Completas* (1975), que contén a 3ª parte dos *Estudios y ensayos sobre Literatura*, con "ensayos de Literatura Contemporánea". Ós traballos contidos en *Poetas españoles contemporáneos* engádense aquí artigos sobre Bécquer, Salinas, A. del Valle, Eduardo Alonso, Luís Morales, Bousoño, Unamuno, Maragall, A. Machado, J. Guillén, Vivanco, E. Carranza, J. L. Cano e tamén sobre Rodríguez Moñino, Lapesa, Blecua, Pío Baroja, Américo Castro, Miguel Asín, Alonso Zamora, Menéndez Pelayo, Menéndez Pidal e Amado Alonso. Lembremos que el foi quen deu a coñecer no mundo literario castelán ó poeta galego Luís Pimentel, ó que lle dedica dous artigos, e que tamén está presente Rosalía de Castro. En colaboración con Eulalia Galvarriato e Luís Rosales publicou *Primavera y flor de la Literatura Hispánica* (4 vols., Madrid, Selecciones del Reader's Digest, 1966).

Tamén son moi dignas de ter en conta outras colaboracións con prestixiosos estudiosos, como a que fixo con C. Bousoño en *Seis calas en la expresión literaria española (Prosa-Poesía-Teatro)* (Madrid, Gredos, 1951; 4ª ed.). Con J. M. Blecua publicou a preciosa *Antología de la poesía española. Poesía de tipo tradicional*

(Madrid, Gredos, 1956; 2ª ed. 1964). Amais debemos lembra-la traducción dos *Problemas y métodos de la Lingüística*, de W. von Wartburg (Nadrid, CSIC, 1951), anotado para os lectores hispanos.

Unha obra primordial no terreo da Estilística preséntanola na súa *Poesía Española. Ensayo de métodos y límites estilísticos* (Madrid, 1950; 5ª ed. 1966 e reedicións), obra que crea a Estilística en España e coa que se pon á altura de mestres estranxeiros como L. Spitzer ou Ch. Bally. Nela analiza a poesía de Garcilaso, Frei Luís de León, San Xoán da Cruz, Góngora, Lope de Vega e Quevedo, aplicando as diversas posibilidades da análise estilística. Como di S. Elia (*Orientações da Lingüística Moderna*, Río de Janeiro, 1955, p. 55) " submeteu algumas das obras-primas da literatura de sua pátria ao crivo de uma análise vigilante e arguta, revelando com admirável mestria os apoios formais de que se valeram um Garcilaso, um Frei Luís de Leão, um São João da Cruz, um Góngora para compor a mágica orquestração de seus poemas imortais. À proporção que mais fundo penetra em tais estudos, Dámaso Alonso vai constituindo os lineamentos teóricos de sua atividade crítica. De forma que as perspectivas teóricas se entremeiam com as sondagens estilísticas, e que não falta o lume de uma autêntica intuição literária, surgindo assim uma paisagem emocionalmente enfeitada e intelectualmente penetrante".

Xunto á análise dos poetas citados, Dámaso Alonso presenta unha serie de consideracións teóricas, sometendo en ocasións á crítica os postulados de F. de Saussure, o creador da lingüística moderna, ou os do seu discípulo Ch. Bally, fundador da Estilística (cf. por exemplo *Poesía Española*, 5ª ed., pp. 19-33, 583-595, 599-610). Este libro personalísimo, con criterios novos, abriu unha nova era nos estudos literarios e o feito de se ter traducido a varios idiomas dá idea da súa valía. O libro aparece recollido en *Obras Completas*, vol. IX (1989), pp. 7-522, xunto a outros estudos varios.

Pasando xa ó terreo lingüístico, que é o que máis nos interesa para *Verba*, Dámaso Alonso non presenta unha obra tan ampla coma no caso da parte consagrada ós estudos literarios, mais, aínda así, deixounos contribucións de grande calidade. Tamén debemos lembrar que desde a súa cátedra de Madrid dirixiu moitas teses de doutoramento nas que se estudaron diferentes zonas dialectais. Nos seus traballos dedicoulle unha especial atención a dúas zonas, a andaluza e a galega, alternando o estudio do léxico co da fonética. Ten tamén algúns traballos de etimoloxía e algunha contribución de maior amplitude na que discute temas fundamentais da Lingüística Románica. Menos un, todos estes traballos están recollidos no vol. I das *Obras Completas* (1972), que contén os "Estudios lingüísticos peninsulares".

O primeiro traballo que publicou é do ano 1923 e trata das palabras castelás "Nabija, llanta, pelaire" (*RFE* X, 1923, 306-309; *O. C.*, I, pp. 641-644). A este séguelle en 1931 "Una distinción temprana de «B» y «D» fricativas" (*RFE* XVIII,

1931, 15-23; *O. C.*, I, pp. 631-639), onde cita a distinción que fai o cabaleiro inglés Richard Percyvall, en *Bibliotheca Hispanica* (London, 1591).

Xa instalado en Madrid, publica en 1943 unha serie de artigos nos que estudia palabras peninsulares e entra en xogo por primeira vez o Occidente. Son os seguintes: "Derivados de «lorum» y «loramen»" (*RFE XXVII*, 1943, 30-31; *O. C.*, I, pp. 417-418), onde estudia as palabras *loro* (gal., port., ast., leonés), *lorear* (gal.), *luria* (berc.) e as formas astur-leon. *lloriamé*, *alloriambre*, *lluriamé*. Despois "«Alambrilla» y otros derivados de «foramen»" (*RFE XXVII*, 1943, 31-34; *O. C.*, I, pp. 627-630), onde temos referencias a *horambre*, *alambrilla* e outros derivados meridionais. Vén logo "Asturiano «hasta sa (g)ora»" (*RFE XXVII*, 1943, 34-36; *O. C.*, I, pp. 419-421), no que estudia os lugares asturianos que coñecen esta forma, procedente de IPSA HAC HORA, comparándoa con outros resultados románicos. Outro é "Portugués «sotaque»" (*RFE XXVII*, 1943, 36-47; *O. C.*, I, pp. 444-455). Nel cita o port. *sotaque* 'o que choca no acento ou na pronuncia' e *de sotaque* 'de súpeto', así como en gal. e ast. *de sutaque* (en Noriega Varela *de su taco*). Tamén fala dos derivados de SUBITO na Península e na Romanía (entre eles gal. *súpeto*, *de supetón*), tratando de explicala etimoloxía de *sotaque* a partir de SUBITO + *AKKWE. No mesmo ano publicou "Representantes no sincopados de «*rotulare»" (*RFE XXVII*, 1943, 153-180; *O. C.*, I, pp. 537-565), importante e documentadísimo traballo no que estudia as formas de toda a Península, entre elas as galegas do tipo *arrebolar*, *rebolo/a*, etc., Deriva de ROTULUS, *ROTULARE, con influxo de BULLA e outras palabras.

Nestes artigos temos xa unha mostra dos seus coñecementos do Occidente e no ano seguinte empeza a publicar traballos específicos sobre o que el chamou "galego exterior", de grande interese para nós. Como xa dixemos, o investigador español procedía da fronteira entre Galicia e Asturias, dunha zona de fala galega, e durante moitos anos recolleu materiais de grande valor. Pena é que unha grande parte destes materiais quedasen inéditos, pois no despacho de Dámaso Alonso puideren ver un enorme vocabulario inédito de voces recollidas nesta zona do galego exterior e un libro con conversas recollidas na mesma zona, do que deu algunhas mostras en traballos citados máis adiante. Estes traballos son dun interese extraordinario por se tratar dunha zona de transición, cun galego moi peculiar, e porque Dámaso Alonso posuía un oído moi fino e sabía distinguir os máis mínimos detalles fonéticos con extrema facilidade.

Os primeiros artigos son: "«Junio» y «Julio» entre Galicia y Asturias" (*RDTP I*, 1944-1945, 429-454; *O. C.*, I, pp. 389-415); "El saúco entre Galicia y Asturias (Nombre y superstición)" (*RDTP II*, 1946, 3-32; *O. C.*, I, pp. 359-388); "Enxebre" (*CuEG II*, núm. 8, 1947, 523-541; *O. C.*, I, pp. 293-314). Sobre xuño e xullo estudia as formas atopadas, a súa orixe e evolución, facendo unha comparación con outras linguas románicas e dando noticias sobre as designacións para outros meses. Sobre o *bieiteiro* ou *sabugueiro* dá abundante información sobre o gal., o port. e outras zonas románicas, facendo unha referencias ás crenzas que se coñe-

cen sobre este arbusto. Para *enxebre* estudia a evolución a partir de SEPARARE > *xebrar*, coas variantes coñecidas (*dexebrar*, *xibrar*, *chibrar*, *xibar*) e a formación de *xebre*, *enxebre*, que vai cambiando de significado a partir de 'separado', para chegar a 'simple, puro, sen mestura' ou 'insípido, sen graxa, ruín, malo", etc. e mesmo a ser utilizado co valor de 'castizo' (*galego enxebre*), que el rexeita.

Nos anos seguintes tivo algunha incursión noutras zonas dialectais, pero escribiu preferentemente sobre o Occidente. Así, temos sobre o andaluz, en colaboración con Zamora Vicente e María J. Canellada, un estudio sobre as *Vocales Andaluzas* (NRFH IV, 1950, 209-230) e moi digno de mención é o curioso estudio *En la Andalucía de la E. Dialectología pintoresca* (Madrid, Gredos, 1956; O. C., I, pp. 607-625), no que da maneira máis "pintoresca" e amena posible nos dá noticias sobre o cambio experimentado pola vocal tónica *á* nunha zona andaluza. A estes traballos debemos engadir "Español «lata», «latazo»" (BRAE XXXIII, 1953, 351-388; O. C., I, pp. 567-606), moi erudito e documentado, no que estudia a evolución experimentada pola palabra *lata* desde o valor primitivo de "pao" instrumento contundente'.

Os outros artigos teñen que ver co Occidente. O primeiro é "Gallego «bordelo», «abordelar» (Sobre el par de encuarte en el Noroeste de la Península)" (RFE XXXIV, 1950, 238-248; O. C., I, pp. 465-476). Estudia palabras como *bordelo* '2º par de vacas' 'par de axuda' e *abordelar*, do lat. PROTOLUM, o que lle dá pé para analizar outras palabras relacionadas co arado e os seus correspondentes románicos: *campón*, *gabita*, *solas*, *soles*, *solín*, *solíño*, *rodela*, etc.

Un ano despois publica "Portugués «estiar»" (NRFH VII, núm. 1-2, 1953, 157-164; O. C., I, pp. 433-443) e "Gallego-asturiano «bedro» 'estivada'" (íd. pp. 164-169; O. C., I, pp. 477-484), na "Homenaje a Amado Alonso". Sobre *estiar* 'deixar de chover' explica a mala definición que se dá nos dicionarios ou a falsa derivación de *estío*. Mostra como existe tamén en gal.-ast. *estear* / *estiar*, *estiada* 'escampada', ast. *esténar*, etc. e como deriva de EXTEN(U)ARE. Outras formas son *esteo*, así como o trasm. *estinhar*, gal. *estiñar*, *estiñir* (onde houbo cruces con EXTINGERE, STAGNARE). No segundo artigo, amais de indica-lo valor da palabra *bedro* < VETERUS, dá unha mostra do léxico dos Oscos: *bilares*, *torrois*, *burrueiras*, *pan d'estibo*, *restrebar*, *siara*, etc., etc.

En 1954 temos "Gallego-asturiano «engalar» 'volar' (Casos y resultados de velarización de -n- en el dominio gallego)" (*Homenaje a Fritz Krüger*, Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, 1954, t. II, 209-215; O. C., I, pp. 457-464). A palabra *engalar* coñécese entre Castropol e Vegadeo, nos Oscos, L. de Lugo, etc. e demostra como procede de *en* + **alare*, con *n* velar. Fala por extenso da velarización en *unha*, da pronuncia do *n* final en gal. como velar e do mesmo resultado en *FUNARIU > *fuñero* > *funeiro* > *fungueiro*, IN ADDERE > *engadir* e algún outro.

Segue un ano despois "Gallego-asturiano «ozca» 'paso entre peñas'" (*Der Vergleich...Festgabe Hellmuth Petriconi*, Hamburger Romanistische Studien, Hamburg, 1955, 199-204; O. C., I, pp. 485-493), unha palabra típica dos tres Oscos,

onde podemos achar as variantes *osca*, *ozca*, *mosca*, etc. < OSCA, así como *amozcar*, *amosegar* < MORSICARE. Tamén se refire á teoría de Menéndez Pidal, que ve en Oscos un xentilicio e busca apoio para a súa tese da colonización suditálica. Dá argumentos que poderían apoia-la tese de Pidal, pero non se decide por ela.

Seguindo co léxico, temos en 1958 "Gallego-asturiano «telergas», «celergas» 'cosquillas'. Asturiano «rebelgos», «regolbinos» 'cosquillas (*Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia, 1958, 67-71; *O. C.*, I, pp. 426-431), onde estudia estas palabras (e variantes do tipo *cellergas*, *chichergas*, etc.) e cita formas do tipo gal. *cóxegas*, *deligras*, *suligras*, port. *cócegas*, etc. A base está en TITILLCARE, TILLILLCARE, *KIKILLICARE, etc. Noutro artigo estudia o "Gallego-asturiano «bolar» 'dar con', 'obtener'" (*Hispanic Review* XXVII, 1959, 254-256; *O. C.*, I, pp. 422-425), que procede de VOLARE, coa conservación do -l- intervocálico.

Algúns dos seus últimos traballos recollen exclusivamente léxico dos Oscos, sen facer un estudio das palabras, aínda que levan unha pequena introducción para falar das características lingüísticas. O titulado "Ganado vacuno en San Martín de Oscos" (*Archivum* VII, 1957, 5-12; *O. C.*, I, pp. 523-533), contén numerosas palabras relacionadas co gando recollidas nos veráns de 1943 e 1944 na aldea de Ron. Os outros tres son unha mostra dos *Textos orales de los Tres Oscos*, que recolleu hai cerca de 50 anos en S. Martín, Santa Eulalia, Villanueva de Oscos e aldeas dos arredores. "A los sujetos escogidos les pedía que me contaran cuentos o cosas que les hubieran ocurrido cuando jóvenes, etc. Yo les dejaba hablar y escribía los más deprisa posible. Norma general fue la recogida sin retoque" (*O. C.*, I, p. 495). Estes traballos son: "Narraciones orales gallego-asturianas (San Martín de Oscos). I. Recuerdos de niñez y mocedad" (*CuEG* XXIV, núms. 72-74, 1969, 140-153); íd. "II. A'stoupada" (*Filología*, XIII, 1968-1969, 33-37) (*O. C.*, I, pp. 495-521, cunha "nota inicial" de 1972); "Narraciones orales en el gallego-asturiano de los Oscos. Relatos, fórmulas curativas y ensalmos de Carmen de Freixe (San Martín de Oscos)" (*Estudios ofrecidos a E. Alarcos Llorach*, vol. I, Oviedo, 1976, pp. 31-46).

Para finalizar cos artigos sobre o territorio occidental, debemos lembrar "El gallego-leonés de Ancares y su interés para la Dialectología portuguesa" (*III Colóquio Intern. de Estudos luso-brasileiros, Lisboa 1957. Actas*, vol. I, 1959, 309-339 e *CuEG* XVI, 48, 1961, 43-79; *O. C.*, I, pp. 315-357), en colaboración con Valentín García Yebra. A zona dos Ancares é de grande interese polas particularidades lingüísticas que presenta e neste traballo Dámaso Alonso estudia con total maestría as principais características que atopou alí, comparándoas con fenómenos parecidos dalgunhas zonas portuguesas. Visitou a zona en 1954 e 1957 para recolle-los materiais aquí presentados, distinguindo entre os rasgos galegos e os leoneses. Fai unha exposición das principais características da fala e detense espec. no estudio da *gheada*, da acentuación, da conservación da nasalización por efecto da perda

do -n- intervocálico e da palatalización do *á* tónico en determinadas circunstancias.

Non son estes traballos citados as únicas mostras da dedicación do chorado mestre á investigación lingüística, pois aínda debemos colocar nun lugar especial o seu libro *Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular* (Suplemento da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, t. I, Madrid, 1962; *O. C.*, I, pp. 13-290). Trátase dun libro de publicación accidentada. Cando se ideou a *ELH*, os directores encargáronlle a Dámaso Alonso un estudio que servise de introducción. Pero a pequena introducción converteuse nun libro grande (xa rematado en 1959) e el tardou bastante en toma-la decisión de publicalo por unha razón primordial: no libro discútese teorías de grandes mestres da Lingüística Románica e, ás veces, con bastante dureza. Debido a esta demora, os responsables da *ELH* decidiron publica-lo primeiro volume sen o seu traballo e máis tarde publicárono como *Suplemento*. Desta maneira safu gañando a contribución, pois este libro é unha das obras primas da Lingüística Peninsular e da Lingüística Románica, como xa tiven ocasión de comentar (*Romanische Forschungen* 76, 1964, 225-229). Nesta recensión dixen, entre outras cousas: "De sobra son conocidos los trabajos de D. A. sobre Dialectología Peninsular. El profesor madrileño, que tantos temas y problemas ha estudiado, nunca dejó de lado este terreno al que ha contribuido con importantes trabajos sobre el andaluz y espec. sobre el gallego-exterior. Pero, sin duda, el presente libro es el más logrado e importante de estos trabajos, porque en él se recogen y se amplian las enseñanzas de los estudios precedentes y se plantean nuevos problemas que atañen ya a la Dialectología Románica. En esta "Fragmentación" adivinamos la meditación continuada del autor, sopesando sus propias teorías y las ajenas. Son muchos los problemas que se plantean y las teorías discutidas. Teorías que, por otra parte, pertenecen a importantes maestros de la Filología Románica. Ello hace que esta "Fragmentación" sea un libro fundamental para esta especialidad. Es importante consignar la sencillez y la claridad en la exposición, proverbiales ya en D. A., y su constante preocupación para no caer en una posición restricta y limitada, que en Filología Románica suele ser perjudicial. D. A. jamás cierra el ángulo de visión, le interesa la exposición de los problemas intrincados, escapando siempre de las conclusiones fáciles" (pp. 225-226).

No libro discútese problemas candentes da lingüística peninsular e románica. O 1º capítulo (*O. C.*, pp. 17-39) está dedicado ó estudio do vocalismo portugués e castelán, con motivo da teoría de H. Lüdtke (1956), que intentaba presentar un novo sistema vocálico para estas dúas linguas, baseándose en supostas evolucións desde o latín vulgar. Dámaso Alonso bóttalle abaixo esta teoría argumentando co exemplo do galego, que Lüdtke non ten en consideración. No 2º (*O. C.*, pp. 41-71) estudia a ditongación castelá e a ditongación románica, indicando cal é a situación das distintas linguas románicas e discutindo as teorías de Wartburg e Schürr. Rexeita as dúas, aínda que a de Wartburg sérvelle para presenta-la súa

propia opinión. Máis inadmisíbel parécelle a ditongación condicionada proposta por Schürr para toda a Romanía e bótalla abaixo argumentando, especialmente, co exemplo do galego e do portugués.

No 3º (*O. C.*, pp. 73-82) estudia o *s* final de sílaba no mundo hispánico, facendo unha pequena historia da evolución do *s* final latino na Romanía, a aspiración no territorio peninsular e hispanoamericano e o camiño seguido polo francés, que coincide en moitos aspectos co ocorrido no dominio dialectal castelán. No 4º (*O. C.*, pp. 83-89) refrese ás solucións peninsulares dos esdrúxulos latinos. Atopamos dúas tendencias: unha é a considerada normal, a que fai perde-la vocal postónica; outra é a que leva á perda da vocal final e conservación da postónica. O provenzal ten moitos exemplos da dobre posibilidade de evolución. Parece que representa o centro da dobre posibilidade. Desde alí esa dobre tendencia vaíse estendendo en dúas direccións: unha cara ó Norte e outra cará ó Sur, chegando ata o Occidente, se ben sempre con menos intensidade, pois o máis normal é a perda da postónica. Tamén se refire ó vocalismo o cap. 5º (*O. C.*, pp. 91-98), no que analiza os resultados románicos das vocais finais, con especial atención ó sucedido na Península, onde parece rexistrarse na época medieval unha certa tendencia á perda de *-e* e *-o*, máis forte no L. peninsular.

Segue o cap. 6º (*O. C.*, pp. 99-104) cos resultados románicos de *-KT-* e o 7º (*O. C.*, pp. 105-114) coa referencia ó *ü* románico. Fala da extensión do cambio *u* > *ü* nas zonas románicas e critica a opinión de Lausberg e Haudricourt-Juilland, que se limitan ó francés. Mostra a complexidade do fenómeno con suxerencias propias. O cap. 8º (*O. C.*, pp. 115-120) estudia os resultados de *-LJ-*, *-KL-* e *-GL-* na Península e compara a evolución en cast. fronte ós casos de *mayo*, *yugo*, etc. co que sucede no caso da deslateralización do primitivo */j/*.

Para nós é de grande importancia o cap. 9º (*O. C.*, pp. 121-146), que fala do enordecemento no Norte Peninsular das alveolares e palatais fricativas. Refrese á teoría de Martinet, aceptada por outros lingüistas, de que o comezo do proceso de enordecemento empezaría no séc. XVI no N. de Castela e que estaría en relación co vasco. Dámaso Alonso mostra como en todo o N. da Península (desde Galicia a Aragón) hai constantes casos de enordecemento nos textos medievais, polo que se debe buscar unha causa común que se perde no fondo da Idade Media. "No hemos querido omitir cuántas dudas quedan en el aire, cuántos problemas permanecen en pie. Una cosa es segura: la desonorización de [z], [ʒ] y [ʒ̃], fenómeno de mar a mar, no puede estudiarse dentro del estrecho marco de lo castellano" (*O. C.*, p. 146).

É tamén de enorme importancia o cap. 10º (*O. C.*, pp. 147-213), sobre a metafonía, o neutro de materia e a colonización suditálica na Península Hispánica, tema que xa tratara antes con menos extensión en "Metafonía y neutro de materia en España" (*ZRPh* 74, 1958, 1-24). Nel estudia a inflexión das vocais tónicas *e*, *o* por *-ī*, por *-U* ou por iode no Occidente da Península e o resultado catalán, referíndose por extenso ó que sucede no S. de Italia coa metafonía, así como no

sardo, e despois estudiando a metafonía port. e asturiana. Fai un estudio comparativo da zona española e da italiana, falando da antigüidade do fenómeno e dos problemas que presenta o portugués, e analiza a teoría de Menéndez Pidal sobre a suposta colonización suditálica na Península. Para iso completa o estudio falando do neutro colectivo ou de materia en asturiano e en Italia, en relación coa metafonía, e das outras evolucións que Pidal atribúe a esta colonización (-mb- > mm / m, -nd- > nn / n. -ld- > ll; sonorización de *p, t, k* tras *m, n, l, r*; palatalización de *l* e *ll*-). Dá razóns a favor e en contra da teoría e engade outros feitos comúns con Italia (preposición ante obxecto directo de persoa, triple localización dos demostrativos, usos de TENERE e léxico). Remata referíndose a características descubertas por el nos Ancares, como a palatalización do *a* tónico.

O último cap., o máis extenso (*O. C.*, pp. 215-290), fala da igualación de B = V na Península Hispánica e é de extraordinaria importancia. Indica as zonas románicas que descoñecen o sonido labiodental, que forman un "gran manchón del SO. románico" (*O. C.*, p. 216) e examina con todo detalle a teoría de Amado Alonso, para quen se pronunciaría labiodental na época medieval e se daría a confusión no séc. XVI na diócese de Burgos, estendéndose inmediatamente ó resto de todo o territorio peninsular. Amado Alonso baseábase na noticias dos gramáticos. Dámaso Alonso desmonta esta teoría, demostrando como o que nace no séc. XVI son os estudos gramaticais, non o fenómeno lingüístico, que é moi anterior. Con numerosa documentación referente a textos desde Galicia a Aragón, e especialmente casteláns, vai mostrando como ó longo da I. M. hai constantes mostras da igualación de *b* e *v*, polo que o máis probable é que a oposición medieval fose entre dúas bilabiais (unha oclusiva e outra fricativa, non labiodental). Como noutros casos, rexeita que a igualación de *b* e *v* non só fonema en galego, N. de Portugal, Aragón, etc. se deba á influencia do castelán e pensa nunha causa común, que pode estar en relación con substrato.

Como vemos, ó longo de tódalas páxinas do libro encontramos postas en dúbida ou matizadas teorías de lingüistas como Wartburg, Martinet, Schürr, Amado Alonso, Menéndez Pidal, Haudricourt - Juilland, Lüdtke, etc. Dámaso Alonso critica moitas teorías lanzadas con alegría e sen moita base real. El é sempre prudente e fala dos perigos das teorías. "En el terreno peninsular, por todas partes hay una labor por hacer en lo que toca a la simple recogida de datos. La teoría es necesaria; pero todas nuestras teorías serán cojas y provisionales si no se hace la recogida indispensable" (*O. C.*, p. 213).

No libro están tomadas en consideración tódalas zonas lingüísticas románicas, pero un dominio sobresa e ó lado do castelán: é o do galego e do portugués. Precisamente en moitos casos o resultado galego ou portugués sérvelle de base para os seus postulados e por iso lle concede a este dominio unha atención especial. Dámaso Alonso estudia os feitos galegos e bota man dos escasos traballos de que dispuña e da súa experiencia persoal, lamentando o pouco que se tiña feito ata 1960 pola Dialectoloxía Galega en contraposición á catalana. "Por lo que toca

al centro y al occidente peninsular falta aún mucho que hacer en cuanto a recogida y mera clasificación de los fenómenos idiomáticos actuales. Si pensáramos en Galicia y en el aspecto fonético, podríamos decir que está por hacer casi todo" (*O. C.*, pp. 37-38). Por iso moitas veces só pode falar con dúbida dos problemas tratados, pero aínda nestes casos faino sempre de maneira convincente.

Desde a publicación deste libro pasaron 30 anos, pero segue sendo fundamental e de uso indispensable para todo aquel que se enfrente con problemas de lingüística románica. As súas opinións continúan a ter vixencia e non foron superadas. Unha cousa si cambiou e, en parte, viviuna o mestre nas súas estadías en Santiago, se ben xa nos últimos anos decaera o seu interese polos asuntos dialectais. Trátase dos estudos sobre o galego. Hoxe sería máis doado para o mestre falar da situación lingüística do galego, pois desde os anos sesenta contamos con numerosos traballos de campo realizados na Facultade de Filoloxía de Santiago.

Dámaso Alonso foi unha figura excepcional e no meu caso particular únese á consideración positiva da súa obra o feito de ter sido alumno seu e máis tarde axudante da súa cátedra. El foi o director da miñas teses de licenciatura e de doutoramento e o seu maxisterio foime de extrema utilidade, marcándome o camiño a seguir nas miñas propias investigacións. Contar coa súa amizade era un privilexio fácil de acadar e a súa casa era paso obrigado para tódolos investigadores. Por todas estas cousas, polos seus traballos, pola súa valía persoal, pola súa categoría de poeta, Dámaso Alonso sempre quedará na lembranza.